ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28 DE XANEIRO DE 2010

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e oito de xaneiro de dous mil dez, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista:
D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular (PP):
D. José Eduardo Zapata Roel
D.ª Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB):
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Así mesmo asisten:
A interventora municipal: D.ª Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria accidental: D.ª Aurelia M.ª Basanta García

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS: 26 DE NOVEMBRO, 3 E 17 DE DECEMBRO DE 2009, E, 21 DE XANEIRO DE 2010.

2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, CON REFERENCIA Ó 31-12-2009.

3.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 16/2010, DE 14 DE XANEIRO, RELATIVO Á MODIFICACIÓN DO FINANCIAMENTO DO PCC 2008-2011, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

4.- ASUNTOS URXENTES

5.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

En primeiro lugar, a Sra. alcaldesa dálle a palabra o Sr. voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, José E. Zapata Roel, quen manifesta que quere dirixirse á Corporación para informarlles de que no día data presentou a súa renuncia ó cargo de concelleiro do Concello de Bergondo; agradécelle ós/as funcionarias do concello ó trato tido, tanto cara a él como ó resto dos seus compañeiros, e, así mesmo, deséxalle á Sra. alcaldesa que continúe coa cordialidade, pese ás posicións encontradas, e o bo ambiente que existe dentro deste Pleno.
A Sra. alcaldesa dálle as grazas, en nome da Corporación e dos veciños de Bergondo, polo tempo da súa vida persoal dedicado en prol dos veciños, e agradécelle, tamén en nome dos traballadores, a labor realizada no concello.
A continuación a Sra. alcaldesa faille entrega da medalla corporativa ó concelleiro saínte que, logo de saudar a cada un dos integrantes da Corporación, abandona o Salón de Sesións, continuándose coa sesión plenaria.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS: 26 DE NOVEMBRO, 3 E 17 DE DECEMBRO DE 2009, E, 21 DE XANEIRO DE 2010.

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 26 de novembro, 3 e 17 de decembro de 2009 e 21 de xaneiro de 2010. A Sra. alcaldesa pregunta se algún integrante da Corporación ten que formular algunha observación ás ditas actas; non se formulan, polo que se aproban por unanimidade.

2.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS, CON REFERENCIA Ó 31-12-2009.

Dáse conta ós/ás asistentes da proposta informada favorablemente pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:

"O Pleno Municipal na sesión que tivo lugar o día 29 de xaneiro de 2009, aprobou a rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos, que presentaba o seguinte resumo xeral con referencia ó 31 de decembro de 2008

EPÍGRAFE	**NATUREZA DOS BENS**	**VALORACIÓNS**
1º INMOBLES:	***Anos: 1977 á 1995:***	
	RÚSTICAS + URBANAS:	1.956.299,53 €
	***Anos: 1996 á 2007*:**	
	Subepígrafe 1.1.- FINCAS URBANAS (fichas 1-10):	850.709,37 €
	Subepígrafe 1.2.- FINCAS RÚSTICAS (fichas 1-7):	142.166,89 €
	Subepígrafe 1.3.- CONSTRUCIÓNS (fichas1-5):	655.751,76
	Ano 2008:	
	Non se produciron	
	TOTAL EPÍGRAFE 1º.....	**3.604.927,55**
	Non constan	
2º.-DEREITOS REAIS:	***Anos: 1996 á 2006***	
	Subepígrafe 3.2.- MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO (f.1-4)	34.212,00 €
	Ano 2008:	
3º.-MOBLES HISTÓRICOS, ARTÍSTICOS,ETC	*Non se produciron*	
	TOTAL EPÍGRAFE 3º.....	**34.212,00 €**
	Non constan	
	Anos: 1977 á 1995:	
4º.-VALORES MOBILIARIOS:	***Anos: 1996 á 2007*** (fichas 1-14):	180.306,59 €
	Ano 2008:	338.576,40 €
	Subepígrafe 5.1.- VEHÍCULOS (ficha: 15)	39.690,00 €
5º.- VEHÍCULOS:	**TOTAL EPÍGRAFE 5º.....**	**558.572,99 €**
	Non constan	
	Anos: 1977 á 1995:	189.165,72 €
	1996 á 2007	
	Subepígrafe 7.1.- MOBILIARIO (fichas 1-258):	414.106,88 €
	Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fichas 1-23):	53.298,29 €
6º.- SEMOVIENTES:	*Subepígrafe 7.3.- EQUI.NFORMÁTICOS (fichas 1-44):*	47.178,28 €
	Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (fichas 1-22):	26.138,91 €
	Ano 2008:	

7º.-BENS MOBLES:	*Subepígrafe 7.1.-MOBILIARIO (fichas 259-263:*	5.611,76 €
	Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fichas 24-30):	10.341,50 €
	Subepígrafe 7.3.-EQUIP. INFORMÁTICOS (fichas 45-51):	11.257,97 €
	Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (ficha 30):	2.375,55 €
	TOTAL EPÍGRAFE 7º.....	**759.474,86 €**
	Anos: 1996 á 2007:	
	8.1.- BENS REVERTIBLES (ficha 1)	17.490,00 €
	8.2.- DEREITOS REVERTIBLES (ficha1):	15.025,31 €
	Ano 2008::*Non constan*	
	TOTAL EPÍGRAFE 8º.....	**32.515,31 €**
	VALORACIÓN TOTAL (1º+3º+5º+7º+8º)	**4.989.702,71 €**
8º.- BENS E DEREITOS REVERTIBLES:		

Producíronse as seguintes **<u>variacións</u>** ata o 31 de decembro do **<u>ano 2009</u>**

<u>ALTAS</u>

EPÍGRAFE 1.º INMOBLES:

1.2.- FINCAS RÚSTICAS:

.- Finca *Monte Cambade*, na parroquia de Ouces de 1744 m2, (Ficha 8).....10.630,52 €

.- Finca *Monte toxal Cambade*, na parroquia de Ouces de 3209 m2, (Ficha 9).....19.516,60 €

Total...30.147,12 €

1.3.- CONSTRUCCIÓNS

.- Edificio destinado a Centro de Saúde de Bergondo. (ficha 6) .....142.666,79 €

.- Edificio destinado a Centro de Saúde de Guísamo . (ficha 7) .....111.752,78 €

.- Edificio destinado a Centro socio cultural e deportivo "A Senra" (ficha 8) ...2.036.147,33 €

Total.....2.290.566.90.- €

Altas Epígrafe 1º.....2.320.714,02.- €

EPÍGRAFE 7.º MOBLES:

7.1.- MOBILIARIO:

.- Mobiliario para oficinas xerais, na Casa do Concello (fichas 264 a 268) .....4.174,84 €

.- Mobiliario para o Centro socio culturale deportivo "A Senra" (fichas 269 e 270).2.672,64 €

.- Mobiliario urbano de parques infantís municipais (fichas 271 a 280) .....45.063,88 €

Total.....51.911,36.- €

7.2.- EQUIPAMENTOS:

.- Equipo de proxección para o edificio "A Senra".(ficha 31).....16.662,59 €

.- Desbrozadora (ficha 32) .....770,00 €

.- Destrutora de papeis para oficinas xerais (ficha 33) .....5.788,00 €

Total .....23.220,59.- €

7.3.- EQUIPOS PROCESOS INFORMÁTICOS:

.- Equipos informáticos para o edificio "A Senra" (ficha 52).....1.064,28 €

.- Equipos informáticos destinados a Policía e Cultura (ficha 53, 54) .....2.602,97 €

Total .....3.667,25 €

7.4.- OUTROS MOBLES:

.- Cortinas e telón para o auditorio do edificio A Senra (fichas 31 e 32).....8.135,23 €

Altas Epígrafe 7º.....86.934,43 €

BAIXAS:

EPÍGRAFE 7.º MOBLES:

7.1.- MOBILIARIO:

Regularización e actualización de mobiliario urbano de parques infantís municipais (fichas 42 a 45; 50 a 55; 57 a 60; 65 a 68; 73 a 75; 234; 236 a 238; 253, 254 e 258).....**--34.902,59 €**

PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO

Resumo ó 31 de decembro 2008*:*

A) METÁLICO:

Aproveito real do 10% en proxectos de compensación..... 20.929,91 €

B) INMOBLES:

Terreo cedido ó Concello co motivo de reparcelación ..... 17.281,07 €

ALTAS E BAIXAS ano 2009

Non se produciron

En base ó exposto, e, vistos os artigos 32, 33 e 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RB), proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: *aprobar a rectificación do Inventario de Bens e Dereitos Municipal con referencia ó* ***31 de decembro de 2009*** *e, así mesmo, separado, a do* ***Patrimonio Municipal do Solo****, cos* ***seguintes resumos****:*

EPÍGRAFE	**NATUREZA DOS BENS**	**VALORACIÓNS**
1º INMOBLES:	***Anos: 1977 á 1995:***	
	RÚSTICAS + URBANAS:	1.956.299,53 €
	Anos: 1996 á 2008**:**	
	Subepígrafe 1.1.- FINCAS URBANAS (fichas 1-10):	850.709,37 €
	Subepígrafe 1.2.- FINCAS RÚSTICAS (fichas 1-7):	142.166,89 €
	Subepígrafe 1.3.- CONSTRUCIÓNS (fichas1-5):	655.751,76 €
	Ano 2009:	
	Subepígrafe 1.2.- FINCAS RÚSTICAS (fichas 8-9):	30.147,12 €
	Subepígrafe 1.3.- CONSTRUCIÓNS (fichas 6 a 8):	2.290.566,90
	TOTAL EPÍGRAFE 1º.....	**5.925.641,57 €**
2º.-DEREITOS REAIS:	Non constan	
3º.-MOBLES HISTÓRICOS, ARTÍSTICOS,ETC	***Anos: 1996 á 2008***	
	Subepígrafe 3.2.- MOBLES DE CARÁCTER ARTÍSTICO (f.1-4)	34.212,00 €

	Ano 2009: *Non constan*	**34.212,00 €**
	TOTAL EPÍGRAFE 3º.....	
4º.-VALORES MOBILIARIOS:	Non constan	
5º.- VEHÍCULOS**:**	***Anos: 1977 á 1995:***	180.306,59 €
	Anos: 1996 á 2008 (fichas 1-15):	378.266,40 €
	Ano 2009: *Non constan*	
	TOTAL EPÍGRAFE 5º.....	**558.572,99 €**
6º.- SEMOVIENTES:	Non constan	
7º.-BENS MOBLES:		
	Anos: 1977 á 1995:	189.165,72 €
	1996 á 2008	
	Subepígrafe 7.1.- MOBILIARIO (fichas 1-263):	419.718,64 €
	Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fichas 1-30):	63.639,79 €
	Subepígrafe 7.3.- EQUI.NFORMÁTICOS (fichas 1-51):	58.436,25 €
	Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (fichas 1-30):	28.514,46 €
	Ano 2009:	
	Subepígrafe 7.1.-MOBILIARIO (fichas 264-280):	51.911,36 €
	Subepígrafe 7.2.- EQUIPAMENTOS (fichas 31-33):	23.220,59 €
	Subepígrafe 7.3.-EQUIP. INFORMÁTICOS (fichas 52-54):	3.667,25 €
	Subepígrafe 7.4.- OUTROS MOBLES (fichas 31-32):	8.135,23 €
	Baixas:	
	Subepígrafe 7.1.-MOBILIARIO (fichas 42 a 45; 50 a 55; 57 a 60; 65 a 68; 73 a 75; 234; 236 a 238; 253, 254 e 258	-34.902,59 **€**
	TOTAL EPÍGRAFE 7º.....	**811.506,70 €**
8º.- BENS E DEREITOS REVERTIBLES:	***Anos: 1996 á 2008:***	17.490,00 €
	8.1.- BENS REVERTIBLES (ficha 1)	15.025,31 €
	8.2.- DEREITOS REVERTIBLES (ficha1):	
	Ano 2009::*Non constan*	
	TOTAL EPÍGRAFE 8º.....	**32.515,31 €**
	VALORACIÓN TOTAL (1º+3º+5º+7º+8º)	**7.362.448,57 €**

PATRIMONIO MUNICIPAL DO SOLO, ao 31 de decembro/2009

METÁLICO:

Aproveito real do 10% en proxectos de compensación.....20.929,91 €

INMOBLES:

Terreo cedido ó Concello co motivo de reparcelación .....17.281,07 €

Segundo: *Que se remita certificación deste acordo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, en cumprimento do previsto no artigo 86 do Real Decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local, e 32 do R.D. 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.*

Bergondo, 18 de xaneiro de 2010.=O alcalde en funcións(Decreto 1042/2009)=José M. Francisco Mata Buyo"

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

3.- RATIFICACIÓN SE PROCEDE, DO DECRETO DE ALCALDÍA NÚM. 16/2010, DE 14 DE XANEIRO, RELATIVO Á MODIFICACIÓN DO FINANCIAMENTO DO PCC 2008-2011, DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Dase conta ós/ás asistentes do Decreto ratificado pola Comisión Informativa, que transcrita literalmente di:
"Con data 28 de maio de 2009 o Pleno Municipal aprobou definitivamente, entre outros, o acordo que seguidamente se transcribe:
"*APROBACIÓN SE PROCEDE, DOS PROXECTOS INCLUÍDOS NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008-2011, NOMEADOS "REDES DE SANEAMIENTO Y PLUVIALES EN BERGONDO (LUGAR DE SAN ISIDRO" E "RED DE SANEAMIENTO EN CORTIÑÁN (LUGARES DE A FRAGA, OS CURROS Y OS CAMPOS) Con data 6 de xuño de 2008, e núm. 3335 do Rexistro Xeral de Entrada, recibiuse un escrito da Excma. Deputación Provincial da Coruña, no que nos comunican que o Pleno desa Deputación aprobou as* ***Bases reguladoras do Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011****, entre os que se atopa incluído este concello, e ó que se lle asina a cantidade de* ***405.714,07 euros****.*
As Bases que regulan o dito Plan, publicáronse no Boletín Oficial da Provincia núm. 128, do día 5 de xuño de 2008. De acordo co citado Plan, "os concellos deberán realizar obrigatoriamente unha ***achega municipal*** *mínima calculada aplicando ó orzamento do proxecto a porcentaxe que lles corresponda" segundo a escala establecida nas Bases reguladoras do mesmo, e que no caso do Concello de Bergondo, por ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes é do 10%. Non obstante, os concellos poderán voluntariamente incrementar o importe da súa achega cando sexa preciso para completar o presuposto total do proxecto técnico da obra.*
Así mesmo, as bases regulan, entre outros, a documentación que deberán presentar os concellos que desexen participar no citado organismo e que é a seguinte: ***certificación do acordo plenario municipal*** *segundo o modelo remitido pola Deputación,* ***informe técnico*** *para cada un dos proxectos presentados,* ***documento acreditativo das autorizacións administrativas precisas*** *e* ***documentación técnica*** *consistente en dous exemplares de cada proxecto técnico, co contido establecido no artigo 107 da Lei 30/2007, de contratos do Sector Público.*
No Pleno de data 25/09/08 consta o acordo de participación e aprobación, por este concello, dos proxectos técnicos correspondente ás anualidades 2008 e 2009. Polo que agora

corresponde solicitar as anualidades correspondentes a 2010 e 2011. A ***data límite de presentación*** *da citada documentación é a que se indica a continuación:*

Anualidade de aprobación do Plan pola Deputación	***Data límite de presentación da documentación polos concellos***
Anualidade 2010	*30 de setembro de 2009*
Anualidade 2011	*30 de setembro de 2010*

En consecuencia procedeuse a solicita-la elaboración dos proxectos correspondentes e a requirir do arquitecto municipal a emisión dun informe sobre os mesmos, co fin de ***propoñer ó Pleno que, tras o exame do citado expediente, adopte o seguinte acordo:***

Primeiro. *Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña,* ***anualidades 2010 e 2011****, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:*

DENOMINACIÓN	***ORZAMENTO TOTAL***	***ACHEGA MUNICIPAL***	***ACHEGA PROVINCIAL***
"Rede secundaria de saneamento en Cortiñán (lugares de A Fraga, Os Curros e Os Campos"), *presentado no Concello o 19/05/2009, con núm. 3260 do Rex. Xeral de Entrada .* ***ANUALIDADE 2010***	*178.032,72 euros*	*17.803,27 euros*	*160.229.45 euros*
Redes de saneamento e pluviais en Bergondo (lugar de San Isidro)*, presentado no Concello o 19/05/2009, co núm.3259 do Rex. Xeral Entrada .* ***ANUALIDADE 2011***	*127.187,16 euros*	*12.718,72 euros*	*114.468,44 euros*
TOTAL	*305.219,88 euros*	*30.521,99 euros*	*274.697.89 euros*

Segundo. *Aprobar os proxectos técnicos citados no apartado primeiro, redactados polo enxeñeiro de camiños don José Luis Piñeiro Arnoso, colexiado núm. 5178.*

Terceiro.- *Declarar que por este concello estanse a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, así como todo o relacionado coas concesións e autorizacións que legalmente sexan necesarias.*

Cuarto. *Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para facer fronte á obra nomeada* ***"Red secundaria de Saneamento en Cortiñán (lugares de A Fraga, Os Curros e Os Campos"),*** *correspondente á anualidade 2010, e,* ***"Redes de saneamento e pluviais en Bergondo (lugar de San Isidro"),*** *correspondente á anualidade 2011.*

Quinto. *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento dos citados investimentos.*

Sexto. *Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está o corrente nas súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.*

Sétimo. *Facultar á alcaldesa para executar todo o relacionado co presente acordo.*

Non obstante, o Pleno municipal decidirá o que crea máis conveniente.
Bergondo, 19 de maio de 2009= A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"
A certificación do dito acordo foi remitida á Deputación Provincial con data 21 de agosto de 2009, con núm. 3.731 do Rexistro Xeral de Saída.
Con data 30 de decembro de 2009 e núm. 9.815 do Rexistro Xeral de Entrada, recibiuse no concello ***un escrito da Deputación Provincial no que se pon de manifesto que o cadro*** *resumo das cantidades de achega provincial asignadas a este concello, consumidas e pendentes de consumir é o seguinte:*

CONCELLO	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA PROVINCIAL ANUALIDADE 2008	ACHEGA PROVINCIAL ANUALIDADE 2009	ASIGNACIÓN SEN CONSUMIR
BERGONDO	405.714,07	0,00	270.601,19	**135.112,88**

No citado escrito disponse que, dado que a achega provincial pendente de consumir ascende a 135.112,88 euros, e que a ***achega provincial aplicada ao proxecto solicitado na anualidade 2010*** *ascende a 160.229,45 euros,* ***existe un exceso de 25.116,57 euros de achega provincial aplicada, que debe ser corrixido.***
De acordo co anteriormente exposto, e segundo o disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ***RESOLVO***
Primeiro.- Subsana-lo erro *existente no apartado primeiro do acordo adoptado polo Pleno Municipal na sesión do 28 de maio de 2009, referente á aprobación dos proxectos incluídos no Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011, nomeados "Redes de saneamiento y pluviales en Bergondo (lugar de San Isidro" e "Red de saneamiento en Cortiñán (lugares de A Fraga, Os Curros y Os Campos)",* ***en relación co importe da financiación provincial aplicada****, consonte co establecido no escrito da Deputación Provincial recibido o día 30 de decembro de 2009 e núm. 9.815 do Rexistro Xeral de Entrada.*
Segundo.- *En consecuencia,* ***solicitar á entidade provincial a realización do seguinte investimento****:*

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
"Red de Saneamento en Cortiñán (lugares de A Fraga, Os Curros e Os Campos", presentado no Concello o 19/05/2009, con núm. do Rex. Xeral de Entrada 3260. **ANUALIDADE 2010**	178.032,72 euros	42.919,84 euros	135.112,88 euros

Terceiro.- Deixar sen efecto a solicitude de investimento para a anualidade 2011, *acordada na sesión plenaria do 28 de maio de 2009, para o proxecto nomeado "Red de saneamento e pluviais en Bergondo (lugar de San Isidro)", como consecuencia da mencionada subsanación, dado que o importe da achega provincial prevista agótase coa anualidade 2010.*
Cuarto.- *Tendo en conta que na anualidade 2009 producíronse baixas de licitación, e ante a posibilidade de que se produza unha nova baixa na anualidade de 2010, dispoñer que o*

proxecto "Red de saneamento e pluviais en Bergondo (lugar de San Isidro)", cun orzamento de 127.187,16 euros, poida executarse, de se-lo caso, como Plan complementario na anualidade 2011, con cargo ás citadas baixas.
***Quinto.- Dar conta ó Pleno Municipal** do presente Decreto para a súa ratificación, se procede.*
Bergondo, 14 de xaneiro de 2010=O alcalde en funciónsDecreto 1042/2009=José M. Francisco Mata Buyo"

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: déuselles xa na Comisión Informativa, unha explicación por parte da interventora.
A Sra. voceira suplente do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle manifesta: so dicir, que se non se chegara a facer co Plan complementario, que haxa un compromiso por parte do concello con cargo a fondos propios.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as doce concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, ratifica o Decreto de Alcaldía que se acaba de transcribir.

4.- ASUNTOS URXENTES

Seguidamente a Sra. alcaldesa, de acordo co previsto no artigo 91.4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), pregunta ós voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a esta convocatoria.

O Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández, presenta unha moción *contra o Decreto do galego no ensino,* e xustifica a urxencia en que é un asunto candente na actualidade, e hai que definirse.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

4.1.- MOCIÓN CONTRA O DECRETO DEO GALEGO NO ENSINO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación o Sr. voceiro do BNG, da lectura á moción presentada, que transcrita literalmente di:
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, provocada por sectores políticos e mediaticos que pretenden trasladar á opinión pública e idea de que o idioma castelán corre perigo en Galiza, por mor dunha suposta discriminación a que se vén sometidas as persoas que falan nesta lingua. Mentres tanto, a realidade é claramente á inversa: o proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. Na práctica, estamos na negación de igualdade e convivencia entre as dúas linguas, feito no que coinciden numerosos informes, organismos e entidades.

Así, un informe do Consello de Europa elaborado a finais de 2008, advertía que no noso Pais non se están a dar garantías para o uso normal do galego en ámbitos tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose os tratados internacionais sobre dereito lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego. Tamén o Consello Escolar de Galiza, nun informe sobre o galego no ensino, confirma unha clara desgaleguización do alumnado no seu tránsito da familia á escola, como consecuencia da desvantaxe do galego fronte ao castelán no sistema educativo.

Porén, a pesares da situación crítica pola que atravesa a lingua propia do Pais, a chegada do PP ao Goberno da Xunta de Galiza non fixo mais que agravar a situación. A súa galegofobia está a propiciar que, en contraposición coa extrema ineficacia e parálise no resto da acción de goberno, o goberno de Feijoo estea a actuar con obsesiva celeridade en contra do galego e das medidas que, en boa parte, impulsou o goberno bipartito da Xunta de Galiza, inspiradas no consenso que estabelece a Lei e o Plan de Normalización Lingüística. Así, eliminou a obrigatoriedade de realizar unha proba en galego para acceder á función pública, eliminou a condición de impartir en educación infantil un mínimo do 50% en galego en contextos español-falantes; desmantelou o modelo educativo de Galescolas, e reduciu drásticamente o orzamento para diferentes políticas de normalización lingüística,até o punto de que os orzamentos deste ano dedican un 20% menos á normalización que os do ano 2009.

Para o PP, o elemento centras desta política de persecución contra o galego é a substitución do actual Decreto 124/2007 por un novo, cuxas bases para a súa elaboración presentou o Goberno da Xunta de Galiza o pasado 30 de decembro. O PP preséntao como o que será o decreto do plurilingüismo. Porén, non hai tal plurilingüismo, o que hai é un avance claro cara o castelán. Coas bases presentadas, vai haber menos galego no ensino, esa é a realidade. Na súa aplicación práctica, vaise pasar do 50% en galego ao 70 - 30 en favor do castelán. A introdución do inglés é unha cortina de fume, pois, como o propio decreto admite, non vai haber recursos para financiar a introdución do inglés, moito menos se temos en conta que o PP reduce os orzamentos para o ensino público.

As bases do decreto vulneran leis básicas aprobadas por consenso e tratados internacionais de dereitos lingüisticos. En concreto, vulnera a letra e o espírito da Lei de normalización lingüistica (artigos 12 e 13), así como da Carta europea de linguas rexionais ou minoritarias (art. 8). O borrador non garante que o alumnado acade a competencia en lingua galega, polo tanto sitúase mesmo fóra do marco do Estatuto, artigo 5. Un goberno serio, cívico e

responsábel debería cumprir as leis e os tratados internacionais de dereitos humanos e lingüisticos.
É un borrador que vai traer conflitos á sociedade e aos centros educativos, onde antes había acordo e consenso. A Xunta fai deixación das súas funcións e traslada o problema ao profesorado, ao estudantado e ás familias. Porque ademais é unha proposta feita de costas á sociedade galega, sen ningún consenso con estes colectivos nin coa sociedade en xeral. Por iso se presentou na véspera de fin de ano, a última hora do serán, e sen que existise ningún proceso previo de diálogo nin contraste.
As bases para a elaboración do novo decreto preséntanse baixo a suposta argumentación de que garante a liberdade de elección. Porén, non se pode falar de liberdade de elección cando existe desigualdade xurídica entre o galego e o castelán, e o galego está situado nun nivel de inferioridade en todos os usos sociais. Nin se pode falar de liberdade de elección cando se impide a adquisición de competencia en lingua galega.
En resumo, é unha agresión á dignidade da nosa cultura que haxa un goberno da Xunta de Galiza que maltrata e despreza a lingua propia do noso País.
Por isto solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte
ACORDO
Instar á Xunta de Galiza a
***1.-** Retirar o borrador do novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado día 30 de decembro diante da opinión pública.*
***2.-** Cumprir as obrigas estatutarias de normalización da lingua propia de Galiza en todos os planos da vida pública, de acordo co artigo 5 do Estatuto de Autonomía.*
***3.-** Retornar ao consenso político e social que se estabelece no marco normativo da Lei de Normalización Lingüistica e no Decreto 124/2007, consecuencia do Plano de Normalización Lingüistica aprobado por unanimidade das forzas parlamentares.*
Bergondo, 24 de xaneiro de 2010.=Manuel Parga Fernández, concelleiro portavoz do Grupo Municipal do Bloque"

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do BNG e di: trátase de que o concello tome acordo no senso de instar á Xunta de Galicia a retirar o novo Decreto sobre o uso das linguas vehiculares no ensino, presentado o pasado 30 de decembro diante da opinión pública.
A Sra. alcaldesa manifesta: por parte do Partido Socialista, a pesar de que é un borrador, igual que apoiou a folga do ensino e a manifestación en Santiago, si está de acordo con esta medida. Tamén que se lle inste á Xunta que sopese este borrador e que estableza outra vez o consenso, xa que fai uns anos se chegara a el por parte dos tres partidos principais, e non había conflito lingüístico. Cremos que esta non é a forma de actuar; así como estamos de acordo na introdución dunha terceira lingua, como pode ser o inglés, non estamos de acordo nas formas en que se fixo. Por parte do partido socialista votaremos a favor da Moción.

A continuación toma a palabra a Sra. voceira suplente do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle, e di: dende o Partido Popular entendemos que a lingua galega é un símbolo de identidade que nos debe unir como comunidade, que o debemos defender e potenciar partindo das premisas do

respecto e do consenso, consenso que marcou case vintecinco anos de autonomía, dende que en mil novecentos oitenta e tres fora aprobada por unanimidade a Lei de Normalización Lingüística; este consenso rachase no ano dous mil sete coa aprobación, de xeito unilateral, do Decreto 124/2007 por parte do bipartito do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego; Decreto que, ademais de rachar o consenso, veu a politizar a aprendizaxe das linguas xerando un amplo descontento social ó abrir a porta ó que é a imposición lingüística no mundo educativo.
No programa electoral do Partido Popular de Galicia, que contou co apoio maioritario do todos os galegos, recollíase, entre outros, o compromiso de derrogación de dito Decreto e a aprobación dunha norma que permitira garantir no sistema educativo, que se lle dea a todos os nenos e nenas, as competencias lingüísticas en castelán e galego consoantes con cada nivel educativo, e, o respecto ó dereito dos pais a que os fillos sexan acollidos no sistema educativo na lingua materna, e introducidos progresivamente na outra lingua oficial; o equilibrio e a proporcionalidade nas materias que se imparten en galego e en castelán. Polo tanto a nosa votación vai ser en contra.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de Veciños de Bergondo, Manuel Pardo Fafián, e di: creo que é un deber de todos coidar a lingua de onde vivimos, temos un claro compromiso, polo tanto nós imos apoiar a Moción.

A continuación procedese á **votación** da **moción** presentada , que tivo o seguinte resultado:
Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos a favor.
Total: dez (10) votos a favor e dous (2) en contra.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada por maioría de votos a favor, a moción presentada polo grupo municipal do BNG, antes transcrita.

5.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 23 de novembro de 2009 ata o 22 de xaneiro de 2010, numerados do 1017 a 1157/2009 e 2 ó 38/2010. O Pleno queda enterado.

6.-ROGOS E PREGUNTAS

O Grupo municipal do Partido Popular presentou os seus Rogos e Preguntas o día 27 de xaneiro, co núm. do rexistro de entrada: 489. A Sra. voceira suplente do dito grupo, Silvia M.ª Vàzquez Cardelle, pasa seguidamente a formulalos; son as seguintes:

ROGOS:
1.- Plaza pública de Guísamo. Canalizar las aguas. Hai protestas dalgúns veciños; parece ser que o asfalto quedou mais alto e provoca que a auga lles inunde..

2.- Asfaltado de N.VI a su paso por el ayuntamiento.
Sra. alcaldesa: como xa saben ese é un proxecto que xa está licitado.

3.- Casa de José Otero en Obra de Paño. Punto de luz y limpieza del camino.

4.- Arreglo del camino de Loureda (bajo la vía). Socavón por las lluvias.

5.- Creación de una ordenanza para vado.
Sra. alcaldesa: con respecto a iso, teríamos un problema xa que non hai un depósito para ter despois os coches, que ademais debería estar vixiado o que conlevaría uns custos elevados.
Sra. voceira suplente: polo menos facer un estudo.
Sra. alcaldesa: unha ordenanza de vaos sen retirada, si podería ser viable, non acarrearía a retirada do vehículo pero si a sanción, polo que sería disuasoria.

6.-Arreglo del espejo en San Paio (Puente de la vía).

7.- Colocación, a petición de los vecinos, de un banco en Bergondiño. En Casas Novas.

8.- Colocación de quitamiedos en Santa Marta (después del Bar Germán).
Sra. alcaldesa: xa o vai a instalar a Xunta nestes amaños que esta a facer.

9.- Alcantarillado en A Senra y San Paio (margen derecha).
Sra. alcaldesa: xa se vai completando o concello, pouco a pouco.

10.- Habilitar para aparcamiento al lado del cementerio de Guísamo.

11.- Arreglo de la situación de deterioro del gimnasio situado debajo de la casa de la Cultura (levantado el parqué, reposición de bombillas..)
Sra. alcaldesa: deterioro, paréceme unha palabra un pouco forte; hai pequenas deficiencias que se iran reparando.

12.- Desvío de As Cerqueiras.

PREGUNTAS:

1.- ¿Para cuando se tiene previsto la recogida de aguas en el Pedrido?.
Sra. alcaldesa: estamos pendentes de que cheguen as autorizacións, ese proxecto está aprobado e no momento de que estean no concello esas autorizacións, farase a licitación da obra.

2.- ¿En qué situación se encuentran las expropiaciones en Gandarío para la depuradora?.
Sra. alcaldesa: a contestación é a mesma que no Pleno anterior; o equipo que ten a Xunta tiña xa o encargo de elaborar o novo proxecto, no que se ten que incluír o listado das expropiacións. Esta semana aínda se falou con eles para urxírllelo.

3.- Consorcio de As Mariñas ¿Qué acuerdos se están tomando y forma de votación?.
Sra. alcaldesa: estase intentando chegar a un acordo que, pola nosa parte, se nos beneficie como concello pequeno e non perdamos o noso voto. A proposta que se facía dende o Consorcio, de que os votos fosen por concelleiros, prexudicaba á Coruña e beneficiaba ó resto dos concellos. A Coruña insiste en que eses votos sexan por poboación, pero entón terían sempre a maioría, algo que tampouco se acepta polo resto dos concellos.
Por outro lado, se esixe ou se da a proposta de que á hora de cotizar, a hora de que se fagan as transferencias ó Consorcio se fagan tamén por número de poboación; é comprensible a oposición da Coruña ó dicir que se ten que pagar por número de habitantes tamén teña que decidir por ese número. Polo de agora non hai un texto definitivo, retomaranse as conversas proximamente.

4.- Situación del Convenio Colectivo. 5.- Situación de RPT.
Sra. alcaldesa: seguimos as conversacións e volveremos a ter unha reunión do Convenio na próxima semana. Coa empresa que fai a Relación de Postos temos unha reunión no mes de febreiro, e proseguirá co traballo.

O Grupo municipal de Veciños de Bergondo, presentou as súas Preguntas o día 27 de xaneiro, co núm. do rexistro de entrada: 519. O Sr. voceiro do dito grupo, Francisco Manuel Fafián Torreiro, pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:

1.- Nos últimos dous meses o noso Concello ven sufrindo unha ola de roubos nas vivendas dos veciños: Gúisamo, Cortiñán, A Senra, Piadela..... Sería necesario solicitar da Subdelegación do Goberno unha maior presenza policial nas rúas, co correspondente obxectivo disuasivo.
Dende Veciños de Bergondo pregúntaselle se se pode elevar un escrito a este Organismo para, atendendo ás reivindicacións dos cidadáns, instar a que dispoñan de mais efectivos policiais da Garda Civil nas patrullas de vixilancia rural.
Sra. alcaldesa: a min non me consta que houbera tantos roubos, quizá se contamos toda a comarca, pode que si.

Sr. voceiro de VB: faláronnos de zona de influencia, en total.
Sra. alcaldesa: iso pode ser toda a comarca. Si hai bandas que están organizadas,de feito pódese transmitir a Subdelegación do Goberno esta preocupación para que manden mais patrullas. Polo que se me transmitiu fai pouco, coa escusa do Xacobeo se ía reforzar a presenza da Garda Civil nas zonas rurais, polo que pode ser un pouco disuasorio.

2.- ¿En que estado se atopa a tramitación do proceso de migración de sinal analóxica a dixital do repetidor de Carrio?
¿Estamos aínda dentro de prazo para a solicitude da subvencións correspondente?.
Sra. alcaldesa: a Xunta decidiu que non era viable pasalo a dixital pola mala ubicación que tiña; ofreceron como alternativa unha antena de telefonía no monte de Santa Marta, era un opción, pero cando se estudou polos enxeñeiros da Xunta resultou que non era a mellor situación, xa que os veciños que lle figuran a eles como afectados serían de Pisón e Miodelo e esa antena non garantiría esa cobertura.
Outra posibilidade sería en San Pantaleón, onde tamén había outra antena, pero parece ser que despois de vela, a Xunta chegou á conclusión de que tampouco sería unha boa solución. De todos modos os veciños que lles consta na Xunta como afectados, actualmente están vendo ben a televisión, probablemente polo repetidor de Betanzos, pero cando sexa o apagón analóxico, se non hai outra solución sempre queda a vía satélite, como en moitos sitios de Galicia .
Sr. voceiro de VB: pregúntolle porque eu estiven mirando este asunto, e quedaban setenta e dúas vivendas sen cobertura. Voulle mandar un proxecto estes días cunha adecuación para montar un poste de dezaoito metros cos equipos apilados, non faría falta caseta nin permisos, para o mesmo sitio no que está o repetidor de Carrio.
Sra. alcaldesa: xa lle digo que ese repetidor viñeron a velo da Xunta.
Sr. voceiro de VB: nós no ano 2007 presentamos as firmas de cen casas desa zona para que se cambiara ese repetidor.
Sra. alcaldesa: seino; de todas formas ese repetidor cando se puxo alí foi porque naquel momento consideraron que era o mellor sitio; logo quedou nunha zona que, ademais, ten un difícil acceso, e os enxeñeiros da Xunta consideraron que esa non era a mellor situación. De todas formas iso foi fai uns días, se hoxe o volven a retomar, pois o retomaremos.

3.- A estrada de Sada a Betanzos, dende a Cruz do Sar ata Miodelo, atópase nun estado de "cuasireparación", dado que, dende fai meses botouse unha capa de asfalto nun dos carrís quedando o outro sen reparar. Ademais, está sen pintar e sen sinalizar as obras.
Isto provocou que os pasos de peóns, xa moi deteriorados, queden borrado nunha metade co correspondente perigo para os usuarios.
¿Que organismo está levando a cabo esta obra?. ¿En que consiste?. ¿Por qué leva parada dende fai meses? ¿Cando se vai retomar? ¿Ten prazo de finalización?.
Sra. alcaldesa: tiveron que suspender a obra por causa da chuvia, e unha estrada da Xunta, a retomarán no momento en que se poida.
Sr. voceiro de VB: o peor son os pasos de peóns.
Sra. alcaldesa: efectivamente, e a sinalización da estrada.

Sr. voceiro de VB: pídolle que en canto se poida se reclame que continúe e acabe canto antes con esa obra.
Sra. concelleira de VB, M.ª Loreto Caseiras Arroyo: ¿van asfaltar os dous carrís ou so imos contar con un?, porque parece que xa están marcando para pintar.
Sra. alcaldesa: esa carretera non ía ter un amaño continuo, senón que o proxecto era dun pequeno arreglo, iso foi o que me dixeron na Xunta.
Sra. concelleira de VB: o sexa que, amañan un lado e o outro vai quedar como esta.
Sr. concelleiro de vías e obras, Francisco Mata Buyo: botáronlle un *eslurri* a un lado, e tiveron que parar polo tempo.
Sra. concelleira de VB: iso non me parece serio, porque se fora polo tempo terían que parar case todas as obras do pais.
Sr. concelleiro de vías e obras: pois os asfaltados, loxicamente, chovendo non se poden facer.
Sra. concelleira de VB: e a segunda pregunta que lle fago é se o outro lado vai quedar amañado ou non.
Sr. concelleiro de vías e obras: si, claro

Sr. voceiro de VB: a última pregunta vouna cambiar por un rogo.

ROGOS:
1.- En varios Plenos solicitáronse espellos para favorecer a visibilidade, en concreto un deles no cruce da carretera que vai ó Monasterio de San Salvador, no que confluen catro camiños. ¿Pódese instalar polo menos este espello? ¿É que necesitan as firmas dos usuarios para que teñan en conta este pedimento?.
Sr. voceiro de VB: teño un último rogo que non esta incluído no escrito presentado.
2.- Amañar a carretera de Peteiro que está chea de baches.
Sra. alcaldesa: somos conscientes de como está esa estrada, e que se ten que amañar.
Sr. voceiro de VB: unha última cousa, nos decretos de Alcaldía aparece uns gastos de outubro, de mil e pico euros por retirada de cans, ¿son de un mes?.
Sra. concelleira de Benestar Social, Begoña Calviño Dorado: é de dous meses, son 125 euros por can retirado. Acumulan varias retiradas e pasan as facturas, non ten que ser por mes.

O Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, presentou as súas Preguntas o día 25 de xaneiro, co núm. do rexistro de entrada: 449. O Sr. voceiro do dito grupo, Manuel Parga Fernández, asa seguidamente a formulalos; son as seguintes:

PREGUNTAS:
1) Está prevista a convocatoria do grupo de traballo para a redacción do Regulamento de Participación Veciñal?. É a mesma pregunta que vimos facendo.
Sra. alcaldesa: si, a resposta é a mesma.

2) Previsión de arranxo de camiños en Trasdoval, que se atopan nun estado especialmente lamentable.
Sra. alcaldesa: esta contratado.

3) Estado dos trámites da obra de ampliación e mellora da estrada CP-0810 de Guísamo a Guiliade.
Sra. alcaldesa: seguirmos pendentes da dispoñibilidade dos terreos.

4) A empresa concesionaria dos servizos de subministro de auga e de saneamento e depuración, Aquagest, non presta o servizo de vaciado de fosas sépticas cando a distancia á que se poda acercar o tractor non é inferior a 20 m. ¿Cal é a razón de que isto se faga así?.
Sra. alcaldesa: non, e se a algún usuario lle din que non o van recoller porque ten mais de vinte metros, debería chamar a Aquagest, ou, en último caso ó concello porque si que se fai.
É certo que o tractor que ultimamente vai facer os baleirados non ten unha mangueira tan larga, pero teñen ido outros camións. De todos modos, os usuarios teñen que poñer algo da súa parte, xa que non é a primeira vez que despois reclaman danos nos xardíns. Non estaría de mais regular estes metros.

5) ¿Xa se realizou o estudo acerca da situación dos verquidos no lugar de Miodelo por parte de Aquagest?.
Sra. alcaldesa: si se fixo, o martes o verán os nosos técnicos xunto cos da Aquagest.

ROGOS:

1) Se convoque a Comisión de Urbanismo para tratar o tema do Documento Inicial do Plan de Ordenación do Litoral.
Sra. alcaldesa: o luns foi a presentación do documento, podo dicir que o traballo técnico é moi bo; de todas formar ó día de hoxe aínda non está colgado na páxina web da Xunta, nin sequera o borrador; ademais terá que ir primeiro ó Parlamento para aprobalo, e despois virá ós concellos para alegacións.
Sr.voceiro do BNG: segundo a prensa está nunha fase de envío ós concellos para consulta, antes de presentalo ó Parlamento.
Sra. alcaldesa: tamén lle digo que nós non temos Comisión Especial de Urbanismo, temos a Comisión Especial para o Plan Xeral, e as funcións que ten esa Comisión están moi determinadas, eran exclusivamente para o ditame do Plan Xeral. Non sería cousa desa Comisión facer un ditame diso; outra cousa é que extraoficialmente convoquemos para debater para este tema.
Sr.voceiro do BNG: pero si se lle poderá informar á oposición dese asunto.
Sra. alcaldesa: iso si.

2) Se coloquen bandas rugosas na recta da escola de Lubre.

Sra. alcaldesa: pedíuselle á Deputación para antes de que rematen a estrada, ademais recordousellelo na última visita que fixo o xefe de Obras de Deputación.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte horas e cincuenta cinco minutos, remátase a sesión, por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, a secretaria accidental, dou fe.

A secretaria accidental

Aurelia M.ª Basanta García

V. e Pr.:
A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez